

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E A FUNDACIÓN CEL INICIATIVAS POR LUGO PARA A FINANCIACIÓN DO POLO DE EMPRENDEMENTO E APOIO AO EMPREGO DE LUGO CENTRAL E DO POLO DE EMPRENDEMENTO E APOIO AO EMPREGO DA MONTAÑA LUCENSE

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, Elena Rivo López, conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 68/2023, do 14 de xuño, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, Luis García Santalla, na súa calidade de Presidente Executivo da Fundación CEL, Iniciativas por Lugo (en diante Fcel), con NIF G-27213206, cargo para o que foi nomeado polo Presidente da Confederación de Empresarios de Lugo en data 28 de febreiro de 2008 de acordo co procedemento legal e estatutariamente establecido, ratificado no mesmo por acordo posterior do Consello de Administración da propia Confederación en data 23 de maio de 2016, e con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido en canto a representatividade nos estatutos da Fundación (artigo 18º - Atribucións da Presidencia Executiva).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29, atribúelle á Comunidade Autónoma, en concordancia co artigo 149.1.7ª da Constitución española, a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.



Segundo.- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, desenvolve entre outras, competencias en materia de fomento do emprego, emprendemento traballo autónomo, cooperativas e economía social e apoio á integración laboral das persoas con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade. Tamén lle corresponde desenvolver as funcións atribuídas á consellería en materia de fomento do emprego en colaboración coas administracións e institucións públicas e con entidades sen ánimo de lucro (artigo 27 do Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade -DOG núm. 130, do 8 de xullo de 2022-). Dependendo directamente da dita Secretaría Xeral, a Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego asume as competencias de apoio ao emprendemento durante todas as fases da actividade emprendedora: tanto as actuacións necesarias para o comezo da actividade, como a súa realización efectiva posterior, incluíndo a implementación e mantemento, co servizos de asesoramento, mentoring, así como de apoio económico ou doutra índole, ao crecemento e o mantemento do emprego (artigo 36 do Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade -DOG núm. 130, do 8 de xullo de 2022-).

Terceiro.- A Fundación CEL é unha entidade sen ánimo de lucro creada no ano 1997 no seo da Confederación de Empresarios de Lugo, rexida pola Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego e polos seus estatutos, con ámbito de actuación autonómico e preferente na provincia de Lugo, que por vontade das súas entidades fundadoras ten afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral. O seu obxectivo fundamental é o fomento do espírito emprendedor, apoiando proxectos empresariais desde os seus inicios até a súa consolidación e facilitando o seu labor aos emprendedores nos seus primeiros pasos.

Cuarto.- A Fundación CEL ten unha ampla experiencia e coñecemento dos sectores produtivos de Galicia e da súa realidade territorial, froito de diversos traballos e colaboracións coa Administración Autonómica para a elaboración de plans de dinamización, estratexias e estudos socio económicos dos espazos rurais de Galicia dende hai máis de vintecinco anos, entre os que cabe subliñar a pertenza a rede de Axentes de Emprego da antiga Consellería de Traballo, centro colaborador da Rede de Economía Social, Eusumo, xestión integral da aceleradora *Business Factory* Aero entre outros.



Todos estes proxectos teñen como nota común a realización dunha ampla caracterización e análise dos sectores económicos presentes nos territorios, a súa contribución ao PIB, a súa especialización produtiva, o emprego xerado en cada sector, as taxas de auto contención laboral en cada concello, así como as dinámicas demográficas presentes nos diferentes ámbitos territoriais, entre outras variables socio-económicas.

Para a consecución do seu fin primordial e obxectivos conexas, reflectidos todos eles no artigo 5º dos seus Estatutos (impulso de iniciativas empresariais, apoio e asesoramento a potenciais empresarios, impulso de iniciativas en materia de I+D+i, de internacionalización, de mellora da competitividade a través da innovación, promoción de uso das NNTIC nas empresas galegas, con especial atención a emprendedores e empresas de nova creación), a Fundación CEL agrupa a diferentes organizacións empresariais, entidades mercantís, e empresarios individuais especialmente vinculados á provincia de Lugo, colaborando así mesmo coas diferentes administracións públicas e outros entes do sector público e privado, co obxecto de fomentar e promover a través da Fundación investimentos, así como calquera iniciativa para a promoción e desenvolvemento da Comunidade Autónoma (preferentemente da provincia de Lugo), poñendo en marcha, coordinando e asesorando tales actuacións.

Tendo en conta o anterior, con data 05.05.2023, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, e a Fundación CEL asinaron un Convenio por importe de douscentos corenta mil euros (240.000,00 €), para o financiamento do Polo de Empredemento e apoio ao Emprego da Montaña Lucense , e do Polo de Empredemento e apoio ao Emprego de Lugo central no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia– Financiado pola Unión Europea– NextGenerationEU, o cal acredita o especial coñecemento por parte da fundación da figura dos polos de Empredemento e Apoio ao Emprego.

Quinto.- Nas sociedades avanzadas constitúe un obxectivo prioritario da axenda pública o impulso de proxectos territoriais que faciliten a transformación produtiva, aborden o reto demográfico, e promovan a creación de emprego que contribúa a fixar poboación, especialmente no ámbito rural e nos seus pequenos municipios, dinamizadores do desenvolvemento local sostible. A tal fin a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ven despregando dende o ano 2022 por todo o territorio galego os Polo e Empredemento e apoio ao Emprego nos que se desenvolven actuacións de incubación de proxectos de emprendemento e formación dirixida a persoas emprendedoras, cun apoio personalizado para acompañar e impulsar proxectos, reforzando as oportunidades de mellora, e tecendo no territorio unha rede de intercambio de coñecementos e experiencias a través de sinerxias de



colaboración e axuda mutua entre as persoas emprendedoras, que redunda no empoderamento, a valorización do rural, a innovación, a sostibilidade e o compromiso co territorio.

Sexto.- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, contempla no seu artigo 19.4, a) a concesión directa de subvencións previstas nominativamente nos presupostos xerais da comunidade autónoma; así o Convenio coa Fundación Cel para desenvolver os Polos de emprendemento da Montaña Lucense e de Lugo central atópase nominativamente recollido na Lei 9/2023, do 28 de decembro de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024. No mesmo senso, exprésanse os artigos 36.a) e 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Sétimo.- Dado o carácter singular das actuacións desenvolvidas e o interese prioritario de manter a colaboración o máis estreita posible entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Fundación CEL estímase xustificada a subscrición deste convenio posto que a fundación é un axente idóneo, tanto pola súa acreditada experiencia no eido do emprendemento e da formación, como polo amplo coñecemento da realidade socio-económica, especialmente nos espazos rurais, para a realización do obxecto deste convenio, e, en definitiva, para a continuidade dos Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego da Montaña Lucense e de Lugo central.

En virtude do anterior, ambas as dúas partes acordan subscribir este convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do convenio é establecer as condicións polas que se rexe a concesión dunha axuda por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade á Fundación CEL, cara ao financiamento do polo de emprendemento e apoio ao Emprego de Lugo central, con sede en Friol, e que estende a súa actividade ao seu ámbito comarcal.

Tamén o Polo de Emprendemento e Apoio ao Emprego da Montaña Lucense, con sede na Fonsagrada, estendendo a súa actuación a súa propia área comarcal; e cómpre sinalar ademais que presenta unha continuidade territorial coa área xeográfica de Friol, o que fai que resulte especialmente axeitado que o seu desenvolvemento se leve a cabo pola mesma entidade.



Os polos proporcionarán un apoio integral ao emprendemento, impulsando proxectos do sector produtivo primario (gandería, agricultura, silvicultura), enerxías e medio ambiente, biotecnolóxicos, mobilidade, turismo sostible, atención e coidados das persoas.

Segunda.- Compromisos das partes

A Fundación CEL comprométese a utilizar os medios materiais e persoais cos que conta e os que resulten necesarios para desenvolver o obxecto do convenio, ademais dos coñecementos e experiencia previa para o deseño, organización e desenvolvemento de actuacións de apoio ao emprendemento innovadoras, coa finalidade de continuar a implementar un programa específico para desenvolver as actuacións previstas na cláusula terceira.

A Fundación CEL deberá contar cun mínimo de dúas persoas coa cualificación e experiencia necesarias e dedicación a tempo completo nos polos de emprendemento de Lugo Central e a Montaña Lucense para o desenvolvemento das actividades sinaladas na dita cláusula terceira e para a consecución do obxecto do convenio.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, colaborará no financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento do dito programa específico segundo o establecido na cláusula cuarta.

Terceira.- Actividades a desenvolver

A Fundación CEL e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade prestarán un apoio integral ás persoas emprendedoras nos Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego obxecto do convenio, concretado a través das seguintes actuacións a desenvolver pola fundación:

- Incubación de proxectos de emprendemento e formación dirixida a emprendedores/as con ideas e proxectos capaces de dar resposta a desafíos de desenvolvemento social, económico e tecnolóxico no seu territorio e xerar novas fontes de riqueza e de emprego.
- Apoio personalizado a través de mentoring para acompañar a cada persoa emprendedora, impulsando o seu proxecto e reforzando carencias ou oportunidades de mellora. Analizaranse, entre outros, os seguintes aspectos do proxecto emprendedor: deseño do modelo de negocio, viabilidade financeira, estratexias de marketing e comunicación ou crecemento persoal.
- Networking. Trátase de manter no territorio unha rede de intercambio de coñecementos e experiencias, creadas a través de sinerxias de colaboración e axuda mutua entre



emprendedores/as, promovendo o empoderamento, a valorización do territorio, a innovación, sostibilidade e compromiso co territorio.

- Apoio e asesoramento para a busca de recursos de financiamento, tanto públicos como privados, para o desenvolvemento dos proxectos emprendedores.

Cuarta.- Financiamento e Gastos subvencionables

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade achegará a cantidade total de douscentos cuarenta mil euros (240.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 13.31.322C.481.10 (código de proxecto 2024 00080) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, segundo o previsto na Lei 9/2023, do 28 de decembro de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024.

Consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza das actividades que está previsto desenvolver recollidas na cláusula terceira, entre eles:

- Custes de persoal (incluíndo, de ser o caso, os custes do mes de decembro do ano 2023 pendentes de liquidación conforme ao convenio suscrito con data 05.05.2023).
- Actuacións de difusión e comunicación.
- Gastos de coordinación, xestión e estrutura necesarios para a execución das actividades necesarias para o desenvolvemento do obxecto do convenio; así como, de ser o caso, os gastos de acondicionamento dos espazos necesarios para o desenvolvemento do ob-xecto do convenio.
- Aqueles outros gastos correntes que orixine a realización das actividades previstas no convenio (formación, desprazamentos, mentorizacións, servizos profesionais, etc.)

En concreto, a Fundación CEL respecto das actuacións dos dous Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego comprendidos no Convenio, prevé os gastos detallados nos Anexos I e II.

Asimesmo, de conformidade co artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia os tributos son gasto subvencionable cando a persoa beneficiaria os aboa efectivamente. En ningún caso consideranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos personais sobre a renda.

Os gastos deberán estar realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 30 de novembro de 2024 (con excepción dos gastos de personal do mes de decembro de 2023). En ningún caso o



seu custo poderá ser superior ao valor de mercado.

Quinta.- Xustificación e pagamento

A Fundación CEL deberá presentar toda a documentación xustificativa das actuacións realizadas coa data límite do 15 de decembro de 2024. Toda a documentación incluída na xustificación presentarse por vía telemática, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A fundación xustificará a totalidade da contribución efectuada pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, mediante os seguintes documentos:

a) Certificación expedida polo órgano da entidade que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade do convenio suscrito e da aplicación dos fondos destinados a tal efecto que inclúa unha relación detallada dos gastos realizados, con identificación do acredor/a e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento, acompañada das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, así como dos documentos acreditativos dos gastos efectivamente pagados antes da finalización do período de xustificación.

No caso de non achegarse os orixinais, acompañarase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.

A xustificación do pagamento dos gastos subvencionables deberá acreditarse mediante transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario, nos que deberá quedar claramente identificados o/a receptor/a e o emisor/a do pagamento. Non se admiten os pagos en efectivo.

Para o suposto de que os gastos que se xustifiquen fosen inferiores á financiación estipulada por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, diminuírase do pagamento a parte non xustificada.

b) Declaración complementaria do conxunto de axudas, ingresos ou recursos percibidos, de ser o caso, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais para financiar as mesmas actuacións previstas no convenio.

c) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar



ao día no cumprimento das ditas obrigas.

d) Memoria de actuación con indicación das actividades realizadas, número de persoas participantes en cada unha delas (como mínimo desagregado por sexo e idade) e un resumo global dos resultados obtidos. A dita memoria entregárase tamén en formato editable.

Unha vez comprobada a realización das actuacións previstas no convenio, expedirase certificado acreditativo da verificación realizada e tramitarase o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor ao previsto na cláusula cuarta e sempre que se cumpra coa finalidade inicialmente prevista, procederá o pagamento na contía que sexa obxecto de xustificación.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

Sexta.- Pagamentos a conta

Poderanse realizar pagamentos a conta por un importe de ata o 80% do importe do convenio conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, a fundación queda exonerada da constitución de garantías.

Sétima .- Obrigas da beneficiaria da subvención

A Fundación CEL está obrigada a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula terceira e que constitúen o seu ob-xecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade prevista sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias do programa.
- Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, e demais logotipos



estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia ou o Estado.

- Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que conlevaran as actuacións derivadas da execución do convenio.
- Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- Reintegrar a contía percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas no convenio para a súa percepción.
- Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio. Así mesmo queda obrigada a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

No tocante a medidas contra a fraude, a corrupción e o conflito de intereses, cómpre facer referencia á canle de denuncias autonómica (<https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>) e ao Plan Específico de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Consellería de Emprego e Igualdade (agora de Promoción de Emprego e Igualdade), aprobado por Resolución do 13/01/2022 da Conselleira de Emprego e Igualdade, que está dispoñible (tamén a través do portal de transparencia da Xunta <https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional/plans-antifraude>). As devanditas medidas contra a fraude se aplican de modo expreso ao Convenio.

A subvención regulada neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade, pública ou privada, sempre que non se incorra en dobre financiamento. En todo caso, deberá quedar identificada nitidamente a trazabilidade dos gastos e o beneficiario deberá comunicar á Administración que conceda a subvención a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade.



Oitava.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado á mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Novena.- Modificación e resolución do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención instrumentalizada no presente convenio dará lugar á súa modificación, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei; e, en particular cómpre estar ao disposto no artigo 31. 4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, segundo o cal "Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira".

En canto as causas de resolución do convenio, serán as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga .
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes signatarias.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Ademais disto, o incumprimento total dos fins do convenio, a non realización das actividades previstas ou o incumprimento da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da contía xa percibida.

Calquera outro incumprimento parcial dos fins do convenio ou da obriga de xustificación, dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro ao Tesouro da Xunta de Galicia das contías xa aboadas na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a subscrición do convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou



entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía contemplada no presente convenio.

Décima.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión paritaria de seguimento que estará integrada, por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, por dous representantes da Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego, dependente da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, e dúas persoas por parte da Fundación CEL.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo primeira .- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexéndose polo establecido nas súas propias cláusulas; polos preceptos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da dita lei; da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei; polo capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo segunda.- Publicidade e rexistro

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co



establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Décimo terceira.-Protección de datos e autorizacións

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de Protección de Datos, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Ademáis, a Fundación CEL autoriza á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade á obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Décimo cuarta.- Vixencia

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 30 de decembro de 2024.

E, en proba de conformidade cos seus termos as partes asinan o presente Convenio na data da sinatura dixital.

A Conselleira de Promoción do Emprego
e Igualdade

Lugo Elena Rivo López

Pola Fundación CEL Iniciativas por

Luis García Santalla



ANEXO I

Respecto das actuacións comprendidas no Convenio a Fundación CEL prevé os seguintes gastos a desenvolver no Polo de Lugo central :

Actividades	Gasto	2024	Total
1. Formación	Gastos de persoal	12.688,00€	12.688,00€
	Subministración e servizos	6.500,00€	6.500,00€
	Outros	4.812,00€	4.812,00€
2. Mentorización	Gastos de persoal	12.688,00€	12.688,00€
	Suministración e servizos	22.624,00€	22.624,00€
	Outros		
3. Asesoramento para o financiamento dos proxectos emprendedores	Gastos de persoal	12.688,00€	12.688,00€
	Subministración e servizos	13.000,00€	13.000,00€
	Outros	5.000,00€	5.000,00€
4. Networking	Gastos de persoal	12.688,00€	12.688,00€
	Subministración e servizos	3.000,00€	3.000,00€
	Outros	1.624,00€	1.624,00€
5. Difusión e comunicación	Gastos de persoal	12.688,00€	12.688,00€
	Subministración e servizos		
	Outros		
	Total	120.000,00 €	120.000,00 €



ANEXO II

Respecto das actuacións comprendidas no Convenio a Fundación CEL prevé os seguintes gastos a desenvolver no Polo da Montaña Lucense :

Actividades	Gasto	2024	Total
1. Formación		12.688,00€	
	Gastos de persoal		12.688,00€
	Subministración e servizos	6.500,00€	6.500,00€
	Outros	4.812,00€	4.812,00€
2. Mentorización	Gastos de persoal	12.688,00€	12.688,00€
	Suministración e servizos	22.624,00€	22.624,00€
	Outros		
3. Asesoramento para o financiamento dos proxectos emprendedores	Gastos de persoal	12.688,00€	12.688,00€
	Subministración e servizos	13.000,00€	13.000,00€
	Outros	5.000,00€	5.000,00€
4. Networking	Gastos de persoal	12.688,00€	12.688,00€
	Subministración e servizos	3.000,00€	3.000,00€
	Outros	1.624,00€	1.624,00€
5. Difusión e comunicación	Gastos de persoal	12.688,00€	12.688,00€
	Subministración e servizos		
	Outros		
	Total	120.000,00 €	120.000,00 €

